

# **CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

## **ACTA Nº 12-2014 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- DIA 25/09/2014-**

**Marxe que se cita:**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes:**

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

**Concelleiros ausentes:**

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Patricia Fernández Hernández

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

**2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**

**3º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2014**

**4º.- MOCIONS DE URXENCIA**

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Acta Nº 11 Sesión ordinaria do día 28/08/2014

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

O voceiro do grupo municipal do PSOE D. José Carlos Gey Hermo, indica que na paxina número 11 hai un erro, onde pon: ".../... A débeda financeira é de 2.197.000€ que supón un porcentaxe do 22,60% .../..." debe por: ".../... **A débeda financeira é de 2.197.000€ que supón un porcentaxe do 33,62% .../...**"

Non habendo mais observacións ao respecto, por unanimidade dos 14 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada coa emenda sinalada.

## **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/08/2014 ata o 31/08/2014, que comprenden os números 422/2014 ao 498/2014, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 15 da Sesión ordinaria do día 20/08/2014
- Acta Nº 16 da Sesión extraordinaria urxente do día 21/08/2014
- Acta Nº 17 da Sesión extraordinaria do día 28/08/2014

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

## **3.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2014**

O Sr. Alcalde da conta doa proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<

<b>Núm. expediente de créditos extraordinarios</b>	1/2014
<b>Importe da modificación orzamentaria</b>	Crédito extraordinario
<b>Tipo de financiamento</b>	Remanente de tesourería para gastos xerais
<b>Finalidade da modificación</b>	Amortización extraordinaria de endebedamento

O 14/08/2014 a Intervención Municipal emitiu un informe sobre o destino do superávit orzamentario no que, tras expoñer a normativa aplicable, concluíu o seguinte:

*“O Concello de Rianxo deberá destinar un superávit orzamentario de 193.920,54 € á redución de endebedamento neto, para o que terá que tramitar un crédito extraordinario financiado co Rtgx polo dito importe”.*

De acordo con este informe, esta Alcaldía incoou o 14/08/2014 o expediente de crédito extraordinario 1/2014. A memoria xustificativa desta modificación expuxo máis detalladamente, de acordo co antedito informe de Intervención, o fundamento xurídico que motiva esta modificación orzamentaria:

Como puxo de manifesto o informe de Intervención do 14/08/2014 sobre o destino do superávit orzamentario, a normativa que motiva a tramitación desta modificación orzamentaria está prevista no artigo 32 LOEOSF e na súa disposición adicional sexta:

*“Artigo 32. Destino do superávit orzamentario*

1. No suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto, sempre co límite do volume de endebedamento, se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda.

(...)

3. Aos efectos do previsto neste artigo, enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública aos efectos do procedemento de déficit excesivo, tal e como se define na normativa europea.”

*“Disposición adicional sexta. Regras especiais para o destino do superávit orzamentario*

1. Aplicarase o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dous circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.

(...)”

Dado que da liquidación do exercicio 2013 resultou un aforro neto negativo e segundo se expón no informe anterior, o superávit orzamentario debe destinarse á redución de endebedamento neto. En canto ao procedemento que debe seguirse, transcríbese o antedito informe así como a súa conclusión:

#### **“TERCEIRO: Procedemento para darlle cumprimento ao destino do superávit orzamentario**

A normativa reguladora das facendas locais esixe a tramitación dunha modificación orzamentaria para realizar gastos non previstos nos créditos iniciais. As modificacións orzamentarias están taxadas, tando en relación á súa natureza como aos medios ou recursos que as financian. Neste caso, o medio de financiamento do que dispón o concello que mellor reflicte o superávit orzamentario é o remanente de tesourería para gastos xerais (RTgx); non obstante, trátase de magnitudes definidas de modo moi diferente, empezando porque o remanente de tesourería é unha magnitude de carácter fundamentalmente orzamentaria e a capacidade de financiamento, definida de acordo con criterios de contabilidade nacional, de carácter fundamentalmente económico. As opinións especializadas na materia conclúen no mesmo sentido: a aplicación do superávit orzamentario ao fin que lle sexa de aplicación, neste caso, a redución de endebedamento neto, deberá facerse efectiva tramitando un crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais. Esta conclusión incide, ademais, no importe do superávit que poida aplicarse ao fin que legalmente corresponda.

Poden darse dous situacións:

1. Que o Rtgx sexa igual ou superior ao superávit orzamentario: o importe que deberá aplicarse á redución de endebedamento neto ou o fin que corresponda virá dado pola capacidade de financiamento.

2. Que o Rtgx sexa inferior ao superávit orzamentario: neste caso, o Rtgx establece o límite máximo do superávit que debe destinarse ao fin correspondente, xa que en calquera caso deben respectarse as normas de execución orzamentaria que esixen a existencia de recursos suficientes para financiar unha modificación orzamentaria.

Así, o límite máximo do importe do superávit afectado ven dado polo menor importe da capacidade de financiamento e o Rtgx.

No caso do Concello de Rianxo a situación é a seguinte:

**Superávit orzamentario: 608.841,54 €**

**Rtgx: 193.920,54 €**

**Superávit orzamentario que debe destinarse á redución de endebedamento neto: 193.920,54 €**

#### **CUARTO: Conclusión**

O Concello de Rianxo deberá destinar un superávit orzamentario de 193.920,54 € á redución de endebedamento neto, para o que terá que tramitar un crédito extraordinario financiado co Rtgx polo dito importe.”

Indícase que este expediente ten unicamente por obxecto tramitar a modificación orzamentaria e que, noutro diferente, deberá estudarse a que operación de préstamo deberá aplicarse a amortización anticipada.

O 14/08/2014 a Intervención Municipal emitiu informe favorable ao expediente de crédito extraordinario 1/2014.

Esta Alcaldía **PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario 1/2014 que presenta o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria que aumenta	Importe
011.91300	193.920,54 €

Concepto de ingresos que aumenta	Importe
87000	193.920,54 €

**Segundo:** Expoñer ao público o expediente de crédito extraordinario 1/2014 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

**Terceiro:** No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto:** Dar conta deste acordo á Intervención Municipal>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 22/09/2014, sendo este favorable.

O alcalde aclara que habendo un remanente orzamentario o grupo de goberno o que prefería era destinalo a servizos aos cidadáns, ou axudas que se precisan ou dedicalo ao mantemento de infraestruturas municipais pero por obriga legal temos que adicalo a isto, acto seguido ofrece a palabra aos concelleiros.

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, di que o PP está de acordo con que se rebaixe a débeda municipal.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que están de acordo pero por imperativo legal, así que hai que traelo crédito extraordinario ao pleno para reducir a débeda municipal non tendo mais remedio a pesar de ser necesario para outras cuestións municipais.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns di que votaron a favor se ben tamén por causa do imperativo do goberno de Mariano Rajoy, que pon aos pés da Banca ás administracións públicas, gobernando o destino do crédito municipal que non se pode dedicar as necesidades que en cada lugar acucian.

O alcalde aclara que isto é ademais do que xa se ten devolto aos bancos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 14 votos a favor (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE e 5 dos do PP), cero abstencións e cero votos en contra, dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

#### **4.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

#### **5.1.- MOCION DO BNG CONTRA O CANON BIBLIOTECARIO.-**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns xustifica a urxencia no feito de que o acceso á cultura é un dereito universal e o canón en cuestión introdúzose polo Real Decreto publicado o 01/08/2014.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, protesta por recibir a comunicación da presentación da moción o mércores e non o luns co resto da documentación que se lles achega para o pleno.

O alcalde dille que se presentou polo BNG o día 22/09/2014 e que dende aquela podía acceder á moción, que xa sabe que a remisión do texto é unha deferencia da Alcaldía.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martinez Duran, di que si pero non estaba na carpeta, e se ben ten a resposta preparada o pleno tense acordado que se fagan chegar aos grupos municipais coa convocatoria da sesión para poder preparar as intervencións.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que si o valora, a voceira do BNG podería deixar para outro pleno a moción que lle parece correcta por ser o canón inxusto.

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que quere aclarar que a presentou en prazo o 22/09/2014.

O alcalde engade que se presentou no prazo e non hai culpa de que exista demora de entrega entre os departamentos para que a remitan.

A secretaria municipal pídelo a palabra á Alcaldía e di que a moción presentouse o día 22/09/2014 e ata o mércores non se viu na Secretaría, momento no que se remitiu axiña. Como responsable superior asume o fallo de entrega dende o Rexistro do concello á secretaria e prega desculpas.

A voceira do BNG, finalmente, decide non tratar a moción.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

A concelleira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de las Nieves Vicente Varela formula a seguinte:

*P1. -¿vaise a arranxar os estragos da fonte de María Díaz do Araño?*

O alcalde dille que si que vai a afrontar ese arranxo e tamén o da Fonte de Buhia.

P2. A concelleira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup> Vanessa Martínez Durán prega resposta para a pregunta xa formulada en plenos anteriores, concretamente o 26/09/2013 e 31/10/2013 en relación a unha prohibición de aparcamento na Rúa Irmáns Insua.

O alcalde dille que o mirou e, loxicamente todos os veciños que queren poñer un vao teñen que abonar os tributos correspondentes, pero neste caso a pesar de que o veciño que o solicitaba o quería pagar hai unha serie de trabas debidas a que non se trata dunha comunidade de propietarios nin é un propietario único polo que o Departamento de Tesourería lle di. Engade que respecto dos vaos preto das festas non se volverán a autorizar na Guadalupe, o normal é que haxa boa veciñanza e se respecten os accesos pero as veces non é así.

Por último, o alcalde pásalle a palabra ao voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, que quere dar conta da lista de obras e infraestruturas efectuadas polo bipartito tal e como comprometeuse no pleno dos orzamentos municipais para o exercizo 2014. Dito isto comeza a relacionar as actuacións, obras e infraestruturas realizadas no período 2005-2009:

- Ampliación e reforma da Casa do Concello
- Gardería Municipal
- Centro de Saúde
- Museo do Mar de Rianxo
- Rexeneración das praias de Rianxo: As Cunchas - O Pazo - Tanxil e A Torre.
- Piscina Municipal
- Antiga sede de Protección Civil. 1º fase
- Edificio Administrativo. 1ª fase
- Adquisición da casa de Manuel Antonio
- Museo de Manuel Antonio
- Adquisición da casa de Rafael Dieste
- Actuacións nos núcleos rurais de O Pazo - Rañó – Traba e Vilas
- Ampliación da Aula Activa do Mar
- Campo de fútbol de Asados
- Campo de fútbol de Taragoña
- Pista polideportiva da Laxe
- Travesía do Pazo ó Cruce de Rianxiño
- Rotonda de Arcos Molde-Rosalía de Castro
- Mercado Municipal
- Aparcadoiros municipais de Rianxo e Taragoña

- Ordenación da dársena portuaria
- Remodelación do paseo da Ribeira: Dique de abrigo

270 prazas flota mexilloeira

70 departamentos para usuarios do porto

- Parque empresarial

A estes investimentos se suman os realizados pola Consellería de Medio Ambiente polo importe de 9.426.437€ nas obras seguintes:

- Punto Limpo
- EDAR Rianxo
- Contedores soterrados no Paseo da Ribeira e Urbanización A Martela
- Saneamento e abastecemento en Leiro
- Saneamento e abastecemento en Isorna
- Saneamento en varios núcleos do Concello
- Instalación rede auga Barraca, Villanustre e Monte Grande – Acondicionamento Río Te.

E engade que tamén houbo outras actuacións que en total elevan a máis de 55 millóns de euros o investido en Rianxo durante o período 2005-2009.

Non se inclúe nesta relación a Autovía do Barbanza. Unha das actuacións máis importantes para Rianxo e Comarca do Barbanza executada polo goberno bipartito durante esta mesma lexislatura.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:43 minutos, de orde da Presidencia, ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:59 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**